

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Mandiños s/n Salgueirica
15701 Santiago de Compostela
Té: 981 545177
Fax: 981 545108XACOBEO 2010
Galicia

RESOLUCIÓN DO 9 DE FEBREIRO DE 2010, DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO, POLA QUE SE DETERMINA QUE AS ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS QUE LEVARÁ A CABO A UNIVERSIDADE DA CORUÑA NA ZONA DELIMITADA COMO RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO "OS MIÑARZOS" DENTRO DO PROXECTO INVASIÓN DA ALGA SARGASSUM MUTICUM EN GALICIA, TEÑAN CARÁCTER DE MERGULLO CIENTIFICO.

En base ao establecido na disposición derradeira segunda da Orde do 23 de abril de 1999, pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 12705/1999), modificada pola Orde do 13 de xuño de 2001, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Que as actividades subacuáticas que levará a cabo o grupo de investigación de Recursos Mariños e Pesquerías da Universidade da Coruña co obxecto de realizar tomas e recollida de mostras no ámbito da REMIP-Os Miñarzos, dentro e fóra das reservas integrais norte e sur, no marco dos proxectos de "Monitorización da reserva mariña de interese pesqueiro dos Miñarzos" e "Invasión da alga Sargassum muticum en Galicia: alcance e factores que afectan a súa expansión", no que figura como investigador principal D. Ramón Muíño Boedo, teñan o carácter de mergullo científico.

Estas inmersións deberán contar co permiso da dirección xeral de Recursos Mariños e coa autorización da xefatura territorial correspondente e cumprir as normas de seguridade establecidas na normativa vixente para o exercicio do mergullo científico. Así mesmo, os participantes nas intervencións subacuáticas de carácter científico, en cumprimento do artigo 1º do Decreto 152/1998, do 15 de maio e o artigo 1º e 2º da Orde do 23 de Abril de 1999, deberán estar en posesión da titulación de mergullo profesional axeitada ao tipo de inmersión, dos que figuran na disposición adicional do devandito decreto.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sra. conselleira do Mar de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2010
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



[Signature]
Susana Rodríguez Carballo.

Departamento de Investigación de Recursos Mariños e Pesquerías
Universidade da Coruña.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Departamento Territorial da Coruña

Ramón y Cajal 2
15008-A CORUÑA
Teléfono 981 18 20 00



XACORREG 2010
Galicia

RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE INTERVENCIÓN SUBACUÁTICA

Asunto: Solicitud de intervención subacuática

Expediente núm.: PE621A 2010/4-1

Interesado: FACULTADE DE CIENCIAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANTECEDENTES

- 1 D. Ramón Muíño Boedo, DNI 32763096X, en representación do Departamento de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña, presentou con data 19/01/2009 unha solicitude de autorización de intervención subacuática, para realizar traballos de mergullo científico dentro do proxecto "*Invasión da alga Sargassum Miticum en Galicia: Alcance e factores que afectan á súa expansión (SARGAL)*."
- 2 A solicitude ven acompañada dunha memoria descritiva dos traballos a realizar, e dos xustificantes de titulación de mergullo das persoas do equipo investigador, que acreditan estar en posesión de titulacións de mergullo deportivo, coa única excepción de D^a Sara Aceña Matarranz que xustifica asemade posuír o título de mergullo profesional de pequena profundidade expedido pola Comunidade Autónoma de Andalucía.
- 3 No expediente inclúese a Resolución do 10 de febreiro de 2010 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se establece que a actividade a realizar ten carácter científico, e unha copia da Resolución do 5 de febreiro de 2010 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños autorizando as actividades, especies, zonas, datas e equipo investigador.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 O Decreto 152/1998, do 15 de maio, polo que se establecen as condicións para o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2 A Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG N^o 90, do 12 de maio), modificada pola Orde do 13 de xuño de 2001 (DOG N^o 123, do 28 de xuño), establece os requisitos esixidos para a realización de intervencións hiperbáricas e subacuáticas de carácter laboral, profesional ou científica de calquera tipo en augas pertencentes ao ámbito territorial de Galicia.
- 3 O artigo 1^o e 2^o da citada orde establece que para a práctica de intervencións subacuáticas de carácter laboral, profesional ou científica, nas que se sometan a persoas a un medio hiperbárico, será necesario que estas estean en posesión do título de mergullo profesional adecuado ó seu nivel de exposición hiperbárica e que esta realizárase dentro dos límites das atribucións da titulación profesional posuída polo mergullador.
- 4 Igualmente, o artigo 4^o de determina a documentación que se debe acompañar á solicitude de autorización de intervención subacuática.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Departamento Territorial da Coruña


Ramón y Cajal, 2
15006 A CORUÑA
Teléfono 981 18 20 00XACOBEO 2010
Galicia

O Departamento Territorial da Consellería do Mar da Coruña é competente para resolver o expediente segundo o artigo 3º da Orde do 23 de abril de 1999 e as Disposicións transitorias Primeira e Segunda do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia (DOG Nº 84, do 1 de maio).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO

Denegar a autorización de intervención subacuática ó Departamento de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña, a realizar as inmersións subacuáticas para levar a cabo as actividades recoñecidas na Resolución do 5 de febreiro de 2010 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, por non posuir as persoas que integran o equipo de investigación, o título de mergullo profesional adecuado ao tipo de inmersión conforme o establece o artigo 27 da Orde de 23 de abril de 1999.

Contra a presente resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na redacción dada a mesma pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro,

A Coruña, 22 de febreiro de 2010
O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González